

RESUMO PROXECTO APICONECTA

GRUPO OPERATIVO APICONECTA: Tecendo Conexións Dixitais para Fortalecer a Apicultura. FEADER 2024/035B (2024-2026)

OBXECTIVO

O obxectivo xeral é desenvolver un recurso dixital, tanto para a web como para dispositivos móbiles, que beneficie á apicultura galega mediante a dixitalización da información recollida nas visitas aos colmeares e o establecemento dunha rede de comunicación áxil e bidireccional entre apicultores e persoal técnico.

Así conseguírase

- Desenvolver unha canle de comunicación bidireccional para favorecer a interacción entre apicultores e técnicos.
- Facilitar o sistema de manexo das colmeas mediante o rexistro dixitalizado da información recollida nas visitas aos apiarios.

Con todo elo tamén se vai a conseguir:

- Incrementar a competitividade da apicultura galega introducindo os avances tecnolóxicos no eido da comunicación.
- Favorecer a cooperación entre axentes de distintos ámbitos para incrementar a resiliencia da apicultura, especialmente a capacidade produtiva contribuíndo a fixar poboación no rural e a que o rural sexa un modo de vida e a manter os servizos ecosistémicos das abellas.

Beneficios:

Con este Grupo Operativo vanse acadar beneficios económicos, medioambientais e sociais. O proxecto vai mellorar a capacidade tecnolóxica e modernizar o sector apícola, reconvertendo as explotacións para que sexan máis sostibles, utilizando os recursos con maior eficiencia e favorecendo o traballo diario de apicultores e técnicos.

Esta tecnoloxía permitirá que os apicultores se adapten mellor aos retos presentes e futuros do sector, pero tamén para que sexan punteiros a nivel nacional en canto á implementación de xestión das explotacións apícolas. Calcúlase que este recurso pode ser utilizado polos apicultores galegos (preto de 5000), pero tamén por todos os apicultores españois, xa que non hai un recurso similar no territorio nacional. Incluso podería ser utilizado polos apicultores do Norte de Portugal, cunha apicultura similar á nosa.

Entidades:

Neste proxecto participa a Agrupación Apícola de Galicia, cunha longa traxectoria en apicultura (asesoramento, programas sanitarios, proxectos e interlocución con entidades). O Consello Regulador da IXP Mel de Galicia, referente do sector, que agrupa aos apicultores con maior grado de profesionalización. Por outra banda, a Universidade de Vigo participa con persoal de dous departamentos. O profesorado de Informática ten experiencia na creación e desenvolvemento de redes dixitais, prototipado e implementación de plataformas na nube. O profesorado de Bioloxía Vexetal ten máis de 30 anos de experiencia en actividades relacionadas co sector apícola (investigación, proxectos, docencia e transferencia). Finalmente, participan unha apicultora e un apicultor, que complementan o grupo coa súa experiencia a nivel de campo. É un grupo multidisciplinar que se complementa á perfección para os obxectivos do proxecto.

